

## Niñodaguia: o berce dos alfareiros

A parroquia de Santa María de Niñodaguia pertence ao Concello ourensán de Xunqueira de Espadañedo, e é coñecida internacionalmente por ser un lugar emblemático na execución e mantemento das técnicas alfareiras. As características do barro que utilizan os Mestres alfareiros fano único no mundo, creando un amplo surtido de formas dedicadas aos labores domésticos ou á decoración. Sen dúbida, a alfarería de Niñodaguia é un dos máximos expoñentes do patrimonio de Xunqueira de Espadañedo.



Departamento de Dinamización Socio-cultural

  
Departamento de  
Dinamización Socio-cultural

Parroquia de Niñodaguia

Rúa O Campo, nº1. 32730, Niñodaguia  
(Xunqueira de Espadañedo)

Teléfono: 988-29-11-90  
Correo: amigosdobarro@gmail.com

Concello de Xunqueira  
de Espadañedo



*A alfarería de  
Niñodaguia*



Para máis información, consulte a  
páxina web do Concello de  
Xunqueira de Espadañedo:

[www.xunqueiradeespadanedo.es](http://www.xunqueiradeespadanedo.es)

## *Niñodaguia: o berce dos alfareiros*

O nome de Niñodaguia provén dunha lenda estendida por toda a comarca, a cal se refería á suposta aparición da Virxe María nun niño de aguías. Neste lugar destaca o terreo arxiloso e a beleza extraordinaria da súa paisaxe, calidade característica do Concello de Xunqueira de Espadañedo.

Os veciños do Concello acumaban os habitantes de Niñodaguia “calleiros”, sendo unha profesión humilde pero que como se dicía naquela época “os cacharreiros sempre levan unha peseta”

Oitenta anos atrás, nestas terras vivíase só da alfarería ou da labranza, contabilizándose nos anos 30 máis de cen habitantes que se dedicaban ao oficio, o cal amosa a importancia e magnitude desta industria.

A pervivencia e coidado do oficio permitiu a súa continuidade ata a actualidade, e abrangue unha gran cantidade de formas dende os comezos do oficio, sendo amplamente coñecidas as olas ou cántaros, xerros, choloateiras, cazolos, porróns, tarteiras e queimadas.

### **O barro en Niñodaguia**

O “Monte do barro” é o lugar do que se extrae este material, tratándose dunha propiedade comunal adquirida ao Concello de Maceda e emprazada no termo da Veigachá. Os alfareiros poden conseguir o barro neste lugar, tralo pago de impostos, sendo o mes de setembro o idóneo para sacar o barro debido á escasa humidade do solo, o que minimiza o risco de inundación dos pozos. Tense diferenciado tres tipos de barro:

1. O “barro negro”, o cal ao ser cocido adquire unha cor branco-amarelenta e que debido ao seu carácter compacto non pode soportar a calor forte, polo que é mesturado frecuentemente con outros barros.
2. O “barro areoso”, que se mesturaba a partes iguais co barro negro para fabricar potas ou tarteiras.
3. O “barro rubio” ou “roxo”, utilizado a partir de 1935. É extraído nas proximidades do coñecido Santuario dos Milagres, no Concello de Baños de Molgas. Emprégase para elaborar recipientes que teñen que ir ao lume, e adoita ser mesturado co barro negro para elaborar tarteiras, floreiros ou queimadas.

### **Elaboración e técnicas**

Antigamente, una vez que o barro estaba na casa, introducíase nun “maseiro” para pisalo con mazos de gran peso, deixando o barro moi poirento. Despois, eliminábanse as impurezas e moldeábase coas mans, engadindo auga para humedecelo. Unha vez amasado, dábaselle una forma cilíndrica, formando o “bolo” que queda dentro do maseiro.

Tralo tratamento do barro, utilizábase o torno para crear as distintas formas. Este instrumento situábase inicialmente na cociña e no faiado, ata que foi trasladado a partir dos anos 50 aos barracóns, os cales eran construción de ladrillos e uralitas onde existía unha dependencia para o barro e os tornos, outra para o almacén e finalmente unha para o forno e os secadoiros.

Para crear a vasilla, tómase una cantidade de barro necesaria para unha unidade e moldéase coas mans, centrando o barro na roda e elevándoo. Despois, fúrase cos polgares e elévanse as paredes, facendo seguidamente a orella e a barriga, sendo esta a forma do corpo da vasilla. Finalmente, alísase a orella, colócase a asa e fanse os adornos.

